

Documento distribuído por



Normalizar e (lé) construír

Mabel Rivera

Artigo do relatorio impartido por Mabel Rivera
nas *VIII Xornadas sobre Lingua e Usos*
2012



Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / xenero@consellodacultura.org

Normalizar e(/é) construír

MABEL RIVERA
Fundación Galicia Verde

Introdución

En primeiro lugar, no nome da Fundación Galicia Verde quérovos agradecer este convite que nos vai dar a ocasión de intercambiar convosco conceptos de normalización, esa normalización imprescindible para unha lingua que vimos reivindicando desde tempo inmemorial como un feito básico para a construción do país, mais que curiosamente non parecemos contemplar para outros aspectos. A terra (a patria) tamén fala, e leva tempo lanzando berros desesperados. Por iso creo que é pertinente estarmos nesta táboa e nun foro universitario, no convencemento de que o que imos tratar conforma un conxunto de coñecementos que merecen ser elevados a este rango de estudo, investigación e, por suposto, de consideración social.

Con frecuencia cada vez máis xustificada saen (saímos) á rúa milleiros de persoas a contestar a permanente aldraxe perpetrada contra a lingua. Sempre que isto sucede, eu non deixo de pensar que oxalá que eses mesmos milleiros sentisen igual necesidade de protestar pola ausencia de produtos galegos nos andeis dos supermercados e das grandes superficies. Mais cando se trata de defender outras linguaxes (insisto: a terra fala) só nos mobilizamos os catro gatos de sempre (o de gatos dígoo con toda confianza, como parte da pequena panda). A lingua é unha convención, un acordo entre humanos para entendérmonos; a terra estaba antes. Existe un amplo espectro sociopolítico acérrimo defensor da lingua como punta de lanza da nosa soberanía, mais que sucede coa soberanía alimentaria, cos recursos enerxéticos propios, coas nosas materias primas, co noso medio rural? A lingua é un valor máximo como sinal de identidade dun país, mais non é o único; nós pensamos que a súa defensa débese

dar, nin antes nin despois, senón ao mesmo tempo doutros sinais que tamén nos conforman, que nos fan diferentes.

Volvendo ao punto da ausencia case total de produtos galegos, de calidade, dos supermercados e desas superficies que tanto nos facilitan a compra de alimentos, habería que facer unha salvidade en relación co Corte Inglés, que dispón dun recanto moi mono denominado «currunchos galegos», como se iso abundase para xustificar que o resto de andeis estean cheos de produtos, se cadra contaminados ou transxénicos, procedentes de calquera parte do mundo: patacas de Exipto, lagostinos de Chile, chícharos de Perú, e a xa totalmente introducida (polo seu baixo custo, por suposto), panga vietnamita: un peixe vietnamita en Galicia, por favor! Todo isto ten que ver coas grandes políticas, apoiadas (ou consentidas) por todos os partidos, mesmo os nacionalistas.

A normalización dese sector básico que é a alimentación pasaría, por tanto, polo exercicio da nosa soberanía alimentaria, o que significa, nin máis nin menos, que o normal sexa que en Galicia produzamos e comamos produtos galegos de calidade, e non lixo de importación. Senón, convídevos a facer un exercicio do máis simplón: ide a calquera supermercado e dedicade un tempinho a comprobar nos datos de trazabilidade (se os houber, que esa é outra) a procedencia dos produtos: a ver cantos encontrades que sexan de produción propia; de feito, hai moi pouca xente que dea en pensar que moitas das patacas dispoñibles actualmente no mercado non sexan galegas: mencionamos antes as patacas de Exipto; ou as francesas (vaites cos nosos veciños europeos!); iso si, esas están especializadas: para cocer, para fritir, para esmagar ...

Se algunha vez decidides facer tal exercicio, é aconsellable que vos armedes duns bos lentes de aumento, xa que os datos de procedencia adoitan vir en caracteres minúsculos: por qué será? Superada a dificultade visual, poderedes comprobar que gran cantidade de produtos envasados proceden de Perú, Chile, Arxentina ... ou China! Por exemplo, no caso das fabas, que, como o seu nome indica, son a base dun prato tan propio da nosa veciña Asturias como a famosa fabada: quen había pensar que as tales *fabes* non sexan producidas, polo menos, dentro do territorio español, aínda por riba cando no paquete figura claramente *Habas «La Asturiana»*? Ou os famosos espárragos desa marca tan racial como son os «*Cojonudos*»: quen había pensar que se producen na China ou no Perú, sendo unha das denominacións de orixe tradicionalmente (e tan recoñeciblemente) españolas?

E é que a globalización funciona: toda a inmensa variedade e calidade dos nosos produtos foi ao garete grazas a esa salvaxe operación de desmantelamento á que vén

sendo sometida a produción agrícola propia, co consentimento dos estados e dos responsables políticos das distintas administracións que non dubidaron en permitir a ruína dun sector primario de gran potencia para vendelo flagrantemente ás multinacionais da alimentación, catro ou cinco enormes empresas que arrasan, a nivel mundial, co máis básico: o que comemos. Un paso de xigante cara á total dependencia das importacións de produtos alimenticios (mesmo os máis básicos), tras dismantelar un dos motores da economía e, por suposto, da saúde, da nosa propia e da do medioambiente. A produción local é sinónimo de produto máis san, de trazabilidade óptima, factor de creación de riqueza en proximidade, redución da contaminación, aforro no transporte, dinamización da vida local etc. Etc. En definitiva: que a tan necesaria normalización pasa tamén pola da nosa produción agrícola e, como xa dixemos ao principio desta introdución, desde a Fundación Galicia Verde agradecemos que vós participedes desta consideración.

Presentación histórica

A Fundación Galicia Verde (secretaria@fundaciongaliciaverde.org) está inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego, e foi clasificada como de Interese Benéfico-Social por Orde da Consellaría de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 23 de outubro de 2002 (DOG do 29 de outubro) e declarada de Interese Galego por Orde da Consellaría de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural do 11 de novembro (DOG do 2 de decembro). Figura inscrita co número 2002/21. É unha entidade sen ánimo de lucro, que ten como principal obxectivo o desenvolvemento rural sustentable. Para tal fin, dispón dun primeiro centro baixo a denominación de Centro Galego de Medio Ambiente, Novas Tecnoloxías e Desenvolvemento Rural para a Investigación, o Ensino, a Divulgación e a Promoción do Emprego.

A denominación deste centro dá conta claramente do seu compromiso coa sociedade e co medio rural.

Obxectivos

A auténtica razón de ser da Fundación Galicia Verde é o medio rural, en que se centran todas as súas actividades. Pretende actuar como dinamizadora da actividade agrícola, gandeira, forestal e turística respectuosa co medio ambiente na comarca de media montaña onde está instalada, e cuns obxectivos moi claros:

- Dignificar a imaxe pública das persoas dedicadas ao sector primario, por seren imprescindibles para esta sociedade. Hai que lle dar a volta á figura deostada do agricultor e situala no lugar que lle corresponde polo seu labor esencial. Nunha sociedade primordialmente tecnolóxica como esta en que nos toca vivir actualmente, o sector primario continúa a ser imprescindible, mesmo por razóns estratéxicas.
- Fixar a poboación rural, facéndoa atractiva para os/as máis novos/as. A principal razón para o abandono do rural é a económica, xa que se paga moi pouco polos produtos agro-gandeiros, e dáse unha dependencia excesiva das subvencións ou cotas.
- Converterse nun centro de formación e investigación permanentes non só para a formación e reciclaxe dos profesionais, senón para recuperar e mellorar o noso patrimonio xenético autóctono.
- Promover a creación de feiras para dar a coñecer as sementes propias da Fundación, degustar os nosos produtos ecolóxicos e, xerar unha grande actividade en torno aos cursos, charlas ou seminarios que a F.G.V. ten previsto organizar con regularidade arredor desta actividade central.
- Sensibilizar as xentes da comarca ante os graves problemas medioambientais, ofrecéndolles solucións acordes cos tempos actuais, tanto no aforro enerxético como na contaminación derivada da súa actividade profesional, e con particular atención á área da saúde, tanto ambiental como das persoas.

O principal obxectivo da Fundación Galicia Verde, arredor do cal se estruturan todos os demais, é a dignificación da persoa d@ agricultor/a e a defensa do medio ambiente en que vive, co fin de fixar poboación no medio rural. Para iso traballamos na formación de grupos de agricultor@s para establecer con el@s unha relación directa que se plasmaría, entre outras, nas seguintes accións:

- 1ª. Formativa, para inicialo@s nas técnicas da Agricultura Ecolóxica.
- 2ª. De coordinación, prestándolles asistencia e asesoramento continuado tanto para a planificación das súas explotacións como para a superación de calquera tipo de problema relacionado coas prácticas agrícolas.

- 3ª. De investigación, para ofrecerlles mellores sementes ano tras ano, tanto no aspecto da recuperación de sementes autóctonas, como no da introdución de novas variedades de interese comercial.
- 4ª. De apoio, creando un parque de maquinaria de uso temporal que @s agricultor@s poderán utilizar cubrindo exclusivamente os gastos de amortización e mantemento.
- 5ª. De control de calidade, mediante análises cualitativas, tanto da produción agrícola coma do terreo, asesorando sobre as emendas que deben introducir.
- 6ª. De modernización, investigando sobre novas técnicas asequibles para @ produtor/a, que lle permitan obter unha maior e mellor produción. Entre as principais liñas de traballo que temos previstas citaremos:
 - a loita biolóxica contra pragas;
 - a depuración de augas por medios naturais, polo sistema de lagunaxe;
 - o desenvolvemento dun invernadoiro de montaña de baixo custo e alto rendemento.

O Centro

Instalado na antiga Escola de Leboso (Forcarei-Pontevedra), foi restaurado coas axudas recibidas do AGADER, da Consellaría de Vivenda e Solo e do Concello de Forcarei, que nos permitiron culminar un traballo en que viñan participando desde anos atrás numerosos@s voluntari@s de toda Galicia. Este edificio, que xa é a sede da Fundación Galicia Verde, está destinado a cumprir un triplo obxectivo

- como centro de investigación de novas tecnoloxías aplicadas ao rural, dispoñendo para iso de dous laboratorios: un de análise de terras e outro de análise cualitativa (unha novidade a nivel do estado). O Centro será autosuficiente tanto a nivel enerxético coma no tratamento de residuos, reciclando totalmente as augas e os residuos orgánicos con métodos biolóxicos;
- como centro de recuperación de sementes autóctonas de calidade, para o que dispón dunha hectárea de terreo. Estará especializado en verduras, cereais e legumes. Estamos facendo xestións para poder organizar un bosque sustentable, con especies autóctonas micorrizadas, mel, froitos silvestres etc.;

- como centro de formación permanente, impartindo cursos de maneira continuada e coa idea de constituírnos en Centro de Formación en Agricultura Ecolóxica a nivel de FP-2, para o que contamos coa colaboración da USC, coa que asinamos un convenio de investigación.

Funcionará, asemade, como centro social d@s veciñ@s da Parroquia de Leboso, o que vén sendo como devolverlle o sentido que tivo orixinariamente, pois non podemos esquecer que @s pouc@s veciñ@s que alí quedan aínda fixeron os seus primeiros estudos nesta fermosa escola do ano 1926. Todo o concello de Forcarei, e de maneira moi especial este grupo de parroquias veciñas á de Leboso, vén sufrindo unha paulatina perda de poboación que as deixa sumidas no abandono e na falta de infraestruturas culturais (agás as festas da richada e do gaitero, por suposto). A escasa poboación está maioritariamente constituída por anciáns que nunca recibiron (nin demandaron) actividades deste tipo. Pensamos que a Fundación Galicia Verde podería desenvolver un importante labor de dinamización tamén no terreo cultural e lúdico (biblioteca, videoteca, internet, etc.).

Previsións a curto prazo (201-12)

- Continuar a formación de grupos de agricultor@s (preferentemente) da comarca de Forcarei.
- Os servizos xurídicos da Fundación Galicia Verde asesoran sobre os contratos cos/as agricultor@s aos que se lles encargará a reprodución masiva das sementes seleccionadas, tras a adecuación dos seus terreos de cultivo.
- Deseño e posta en marcha da nosa explotación hortícola.
- Preparación masiva de *compost*, tanto para uso propio como d@s agricultor@s que se integren na Fundación Galicia Verde.
- Desenvolvemento do invernadoiro de montaña.
- Creación do parque de maquinaria.
- Impartición de cursos a particulares, tanto *on line* como presenciais.

- Seguir avanzando no obxectivo da autosuficiencia enerxética.
- Lanzamento dunha TV rural por internet.

O proxecto da Fundación Galicia Verde no seu conxunto parte da idea e do impulso persoal de Enrique Banet, ao que se foi sumando un grupo de colaborador@s moi compacto e moi constante. Durante máis de 10 anos Enrique dirixiu e presentou na TV de Galicia un programa chamado Senda Verde, co que desenvolveu un auténtico labor de educación medioambiental que aínda continúa a ser un referente para moitísima xente tanto dentro coma fóra de Galicia. Cando o programa desapareceu da grella foi cando decidimos darlle continuidade levando á práctica o que eran as súas liñas básicas, e que coinciden cos obxectivos dos que vimos falando. Esta explicación vén ao caso porque hai un aspecto para nós importantísimo que é o audiovisual, imprescindible para a divulgación de todas as actividades que se realicen na Fundación Galicia Verde. O medio televisivo é moi potente á hora de difundir contidos de todo tipo, e nós (e aquí sí que me inclúo eu) como profesionais do medio, somos os primeiros en valoralo. De feito, os pasos básicos xa están dados, o soporte xa está constituído e esperamos que en pouco tempo esta televisión sexa unha realidade).

Sobre o concepto de Soberanía Alimentaria

Enténdese por *Soberanía Alimentaria* o dereito que teñen todos os pobos a produciren os seus propios alimentos. Dito así, sen máis, isto non parece ter maior transcendencia; mais se o formulamos doutro xeito, como o dereito dos pobos a non dependeren das importacións de alimentos, con todo o que iso implica, daquela xa entramos nun terreo que require unha análise máis pormenorizada.

Cando unha poboación indíxena produce os seus propios alimentos, faino utilizando sementes adaptadas ao seu medio que @ agricultor/a foi seleccionando e mellorando ano tras ano. Cando un país importa alimentos, está caendo nas redes das multinacionais que producen estes alimentos de forma masiva (polo xeral, en zonas moi deprimidas onde @ agricultor/a percibe salarios misérrimos polo seu traballo, e onde practicamente non existe control ningún sobre a utilización masiva de agroquímicos).

Se realizarmos unha comparación entre a produción indíxena e a produción por parte de multinacionais, encontramos diferenzas fundamentais en que, en xeral, a xente non repara porque está totalmente desinformada ao respecto. En primeiro lugar, cómpre indicar que unha produción local reparte mellor a riqueza, e sobre todo repártea alí

onde esta riqueza se produce; mentres que a importación xera grandes beneficios para o importador (tres ou catro grandes empresas) a custo, entre outras cousas, de destruír o tecido agrícola local. Pero hai máis: cando producimos os nosos alimentos a miles de quilómetros (ou, mellor dito, cando os producen esas grandes multinacionais), a continuación vai haber que transportar eses millóns de toneladas de alimentos ata unha serie de puntos de destino moi afastados, e isto vaise facer a expensas do erario público do lugar de destino, de xeito que cos cartos de tod@s nós estaremos contribuindo a destruír as nosas propias estruturas rurais de proximidade en beneficio dos intereses comerciais dunhas poucas empresas, xa que a importación deses milleiros de toneladas supón un enorme gasto enerxético, orixina unha gran contaminación e crea a necesidade de realizar fortes investimentos públicos en infraestruturas como son os grandes portos onde descargar e almacenar os colectores que viaxan nas bodegas de enormes buques, e que logo van precisar outras grandes vías de comunicación para o posterior reparto desas mercadorías.

«Hai que comer san», adoitamos escoitar por aí alegremente. Efectivamente, unha boa alimentación é a base da saúde, a auténtica medicina preventiva. Mais ninguén explica a importancia de consumir produtos de tempada (producción local) mentres o mercado se inunda con todo tipo de produtos exóticos creándolle ao público a falsa necesidade de dispoñer de todo durante todo o ano; e isto si que non ten nada de san, acaba pasando factura, non queda impune. A importancia do produto de tempada radica en que as súas características veñen dadas polo clima, non hai que forzaló. Mentres que ese produto tan exótico e tan rechamante que se nos ofrece tivo que ser recollido en verde, sen recibir a necesaria enerxía do sol, houbo que engadirlle conservantes, maduralo artificialmente ..., o que fai que chegue ao mercado carente dos elementos nutritivos esenciais que se lle supoñen. De maneira que temos diante dous sistemas contrapostos: a *Ecoagricultura*, que promove a produción local e a distribución nun radio relativamente pequeno, o que minimiza os custos de distribución; e, no outro extremo, a importación masiva de alimentos cos elevadísimos custos medioambientais e de distribución que implica, e que repercuten directamente no peto (e na saúde) d@ contribuínte.

Vemos así que a *Ecoagricultura* crea e distribúe a riqueza localmente, mentres que a agricultura de importación beneficia moi poucas persoas, sen que saibamos moi ben onde reverten eses beneficios (se cadra a algún paraíso fiscal ...?), ao tempo que fan totalmente dependente o país que ten que realizar a importación. Ademais, a agroquímica pretende que a industrialización do sector primario tende a conseguir producións masivas a baixo custo, dato falso pero convenientemente divulgado como xustificación; porque o que non se di é que a industria agroquímica non asume o custo

da fortísima contaminación que orixina nos lugares onde cultiva masivamente: as terras, os acuíferos, o aire, os animais, as persoas ..., todo contaminado polo uso (inevitable) de pesticidas e fertilizantes; nin tampouco se fala das nefastas condicións de traballo ás que se somete a quen se ten que dedicar a este penoso labor (imaxínade eses milleiros de persoas baixo un plástico durante xornadas interminables, a pleno sol e respirando puro veneno). Por outro lado, a mecanización intensiva destrúe a estrutura das terras de labor provocando, á súa vez, a dependencia dos produtos agroquímicos. O concepto de *Ecoagricultura* dá resposta ao reto que se lles presenta aos pobos indíxenas no terreo da *Soberanía Alimentaria* (o de «pobos indíxenas» tamén inclúe a Galicia). Desde a Fundación Galicia Verde defendemos, por suposto, unha agricultura que non utilice substancias químicas de síntese e que abasteza o mercado local, entendendo por tal o que abrangue un radio de 50 qm. arredor do lugar de produción, dando prioridade ás zonas máis próximas, e destinando non máis do 20% desta produción á exportación a outros lugares.

É evidente que cos actuais prezos de produción fixados pola PAC (Política Agraria Común) europea non sería posible a supervivencia dunha *Ecoagricultura* que, ao contrario do que sucede no caso das explotacións agroquímicas, non precisa de grandes superficies. O que a *Ecoagricultura* propugna é unha política xusta de prezos pola que @ produtor/a (é dicir, @ agricultor/a) obteña a maior parte do beneficio sen ter que recorrer a axudas ou subvencións que o único que fan é beneficiar e subvencionar, indirectamente, ao distribuidor. Para este fin, a Fundación Galicia Verde propón unha relación directa produción-consumo (ou entre produtor@s e asociacións de consumidor@s) que beneficie ambas as partes, de xeito que @ agricultor/a estea dignamente pagad@ e poida vivir do seu traballo, mentres que as asociacións de consumidor@s, e a través delas @ destinatari@ final, que é @ consumidor/a, poidan obter mellores prezos xunto con alimentos de calidade garantida.

Sobre o concepto de EcoAgricultura

Polo xeral, cando falamos da produción de alimentos sen utilización de substancias de síntese (é dicir: sen ningún tipo de veneno como poden ser os fertilizantes químicos, os herbicidas, os pesticidas etc. etc.) adoitamos chamarlle Agricultura Orgánica ou Ecolóxica. Porén, estes termos parécennos insuficientes por canto entendemos que un proceso para ser considerado sustentable e non contaminante, debeo ser desde o seu inicio ata a súa completa finalización. O proceso de produción agrícola comeza coa selección da semente e a súa plantación nun terreo non contaminado, e remata cando o produto (en fresco ou elaborado) chega ao/á consumidor/a. De non termos en

conta estas consideracións, podería suceder o que de feito xa se vén dando na realidade, e é que se lle chame «orgánico» ou «biolóxico» a un produto colleitado a milleiros de quilómetros do seu lugar de venda, sen ter presente que ao longo do proceso que vai desde a sementeira ata o consumo poden producirse fortes contaminacións, desmesurados gastos enerxéticos ou ter a necesidade de montar grandes infraestruturas, entre outras consideracións.

Por iso discrepamos dos avais de calidade establecidos pola administración, a través do CRAEGA, por entender que non consideran os tres requerimentos mínimos que nós xulgamos que debe reunir un produto para ter a consideración de ecolóxico:

1. Non levar substancias de síntese.
2. Que a venda da produción (como mínimo dun 70%) se faga en mercados que estean a un máximo de 50 quilómetros.
3. Sobre todo, que @s traballador@s estean dignamente pagad@s e teñan horarios xustos.

É fundamental realizarmos un seguimento de todo o proceso de produción e distribución de alimentos e minimizar o seu impacto sobre o medio natural, o que establece a relación directa entre os conceptos de *Ecoagricultura* e de *Soberanía Alimentaria*.

Entendemos, daquela, que a *Ecoagricultura* no só debe producir alimentos sans, senón que ademais debe supoñer un impacto nulo (o moi reducido) sobre o medio ambiente. Para iso, non só nos centramos en producir alimentos sen utilizar substancias químicas de síntese, senón que intentamos, ao mesmo tempo, reducir ao máximo os custos de transporte, infraestruturas, gasto enerxético etc., aos que nos referimos anteriormente, unha cousa que só é posible se producimos e vendemos localmente. Non hai nin que dicir que, dada a actual situación de crise, o dereito soberano dos pobos a en controlaren a súa propia alimentación estése vendo gravemente ameazado. Unha vez que rebentou a chamada burbulla inmobiliaria, os grandes mercados da alimentación viron multiplicar as súas posibilidades de negocio pola existencia de grandes masas de material especulativo que se están trasladando desde o *ladrillo* ao mercado alimentario. A gran materia prima que son os alimentos está cada vez máis concentrada nas mans de grandes grupos financeiros, favorecidos polas políticas de «axudas» ao campo, como son o PER, a xa mencionada PAC etc. A alimentación como dereito humano, como necesidade básica, está nas mans de mercaderes o suficientemente poderosos e despiadados como para pagar por impedir que se cultive, con tal de controlar o mercado ..., aínda que a xente morra de fame.

Como acadar os obxectivos propostos?

Mencionamos máis arriba que a restauración da Escola de Leboso foi posible polas axudas recibidas de diversas institucións: fondos europeos a través do AGADER, da Consellaría de Vivenda & Solo e do Concello de Forcarei, a máis do labor incansable dun grupo de esforzad@s voluntari@s ao longo de todos estes anos. Mais a adecuación do edificio, aínda que fundamental, non era máis que a acción inicial do amplo proxecto que é a Fundación Galicia Verde; as actividades concretas necesarias para darlle contido supuxeron un traballo incesante de elaboración de propostas concretas plasmadas nunha interminable listaxe de solicitudes de axudas que levamos presentando nos últimos anos, e que paso a relacionar brevemente porque creo que dan boa conta do avance producido e da solidez e da coherencia do propio proxecto. Por orde cronolóxica son as seguintes:

2006

* Proxecto LEBOSO (presentado á AGADER):

Poderíámolo definir como o noso gran proxecto fundacional. Contén a declaración de intencións da F.G.V.; a definición das grandes áreas de traballo (formación, investigación); as primeiras propostas de investigación (análise de terras, depuración de augas residuais con especies autóctonas, loita biolóxica contra pragas en cultivos, viveiro para reprodución de especies autóctonas, etc.); a asignación de áreas de traballo (cultivos, edificio, depuración, compostaxe ...); e quedan definidas as diferentes fases do proxecto.

2007

* Restauración do edificio e da cuberta da antiga escola

- Este ano dedícase integramente a esta tarefa fundamental, que se pode rematar con fondos da UE (a través do AGADER) e da Consellaría de Vivenda e Solo.
- Comézase a proxectar o programa de cursos e elabórase o temario do 1º Curso Online de EcoAgricultura (200 h., 6 meses, 6 módulos en liña con cadansúas prácticas presenciais) coordinado por Enrique Banet, presidente da F.G.V., e con titores por áreas procedentes todos eles da USC, e membros do comité científico da Fundación Galicia Verde).

2008

Nesta altura xa se fai urxente impulsar o traballo sobre o terreo, polo que a primeira necesidade é a capacitación d@s agricultor@s participantes.

* Obradoiro de Emprego de Agricultura e Froiticultura Ecolóxicas (Consellaría de Traballo)

- Desenvólvese ao longo de 1 ano, promovido pola F.G.V., pero finalmente organizado polo Concello de Forcarei. Participan 30 persoas, 14 das cales pasan a recibir formación específica e gratuíta por parte da F.G.V., coa finalidade de constituírse, ao remate do Obradoiro, en varias UTE en que aplicar e rendabilizar os coñecementos adquiridos ao longo do obradoiro.

* Solicitud de axuda para Proxectos Dinamizadores en Áreas Rurais (Consellaría de Medio Ambiente):

- Promoción de actividades para dar servizo ás posibles empresas que se formasen a partir do Obradoiro (contratación de 1 persoa técnica especialista en A.E., e 1 técnica para investigación en laboratorio, por 1 ano).
- Creación dun Parque de Maquinaria para dar apoio ás UTE antes mencionadas (tritadoras, ferramenta de horta etc.).

* Proxectos Innovadores (AGADER):

- Informatización integral da horta.
- Posta en marcha dunha TV Rural por internet (cámaras web, emisións, creación de bases de datos para divulgación).

2009

* Programa de Fomento do Emprego (Consellaría de Traballo):

- Contratación de 2 persoas traballadoras (1 técnica superior e 1 traballadora de horta) durante 9 meses.

* Ciclo FP-2 (Dirección Xeral de Educación, F.P. e Innovación Educativa):

- Elabórase un borrador base para solicitar o inicio dos estudos pertinentes para a creación dun ciclo de FP sobre esta materia, dada a inexistencia de estudos regulamentados, e alegando a situación estratéxica da zona de Forcarei para situalos.

* Cursos de Formación (Deputación de Pontevedra):

- Programa de cursos de: Iniciación á A.E.; Análise de terras; Cristalizacións sensibiles; Fertilización, rega e depuración de augas; curso OnLine de 300 h. de duración).

2010

Nova solicitude de Programa de Fomento Emprego (Consellería de Traballo).

Nova solicitude de Proxectos Dinamizadores de Áreas Rurais (AGADER).

Nova solicitude para o Parque Maquinaria (AGADER).

Proxecto de Voluntariado Ambiental «Nova Xente para o Rural» (AGADER a través do GDR-Ulla-Umia-Lérez).

Curso práctico de EcoAgricultura para O Courel (Fundación Galicia Verde)

Cursos de Nutrición Ayurveda (Fundación Galicia Verde)

Cursos de Masaxe Abhyanga (Fundación Galicia Verde)

Cursos de E.F.T. (Emotional Freedom Technique), na Fundación Galicia Verde.

* Proxectos de Investigación da Fundación Galicia Verde (Obra Social Caixa de Madrid)

- Presentámonos á convocatoria deste ano revisando e adaptando os proxectos de investigación pendentes que puideren ser de aplicación a outras áreas.

2011

* Adecuación e mellora de locais de entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades culturais (Consellería de Cultura): anulada.

- Para a creación e informatización dunha biblioteca especializada en medioambiente; videoteca para uso d@s veciñ@s da zona; organización de xornadas de cine sobre temática medioambiental; programa de traducións de textos, sobre todo na área de saúde.

* Programas de Cooperación (Consellaría de Traballo):

- Contratación de 1 persoa traballadora desempregada de horta por seis meses para o programa de investigación sobre A.E.

* I Feira de Sementes (Deputación de Pontevedra):

- Realización da nosa primeira feira de sementes cultivadas e seleccionadas na Fundación Galicia Verde. Tivo lugar o pasado mes de abril, e foi acompañada de diversas actividades culturais relacionadas co medio natural.
- Por outro lado, e aproveitando a feira que ten lugar todos os días 5 na Praza do Concello de Forcarei, propuxémoslle ao Concello que se encargue de recuperar os postos onde se realizaba tradicionalmente este mercado para destinalos a feira ecolóxica; este sería un importante punto de referencia non só para a Fundación Galicia Verde, senón para outras empresas de produción e transformación que xa existen na zona.

* Programa Formativo sobre EcoApicultura (CO.ES.CO.):

- Elaboración dun programa formativo de 190 h. para 15 participantes sobre a localización e construción dunha colmea para a produción de mel, todo baixo criterios de construción e produción ecolóxica. O programa (encargado por unha empresa que presta estes servizos aos concellos da zona) sería impartido pola Fundación Galicia Verde.

* Programa *EmpleaVerde* (Fundación Biodiversidad):

- Solicitud de financiamento para o programa *Ecoalimentos. Un rural produtivo para unha vida saudable* (da Fundación Galicia Verde), destinado á promoción dunha empresa para produción, transformación e comercialización de produtos ecolóxicos, dando prioridade á creación de postos de traballo para colectivos desfavorecidos (mulleres rurais e persoas con diferenzas funcionais).
- Socios para programa Grundtvig de formación permanente de persoas adultas (U.E. de Chipre)
- A Universidade Europea de Nicosia busca a colaboración de entidades con experiencia en impartir cursos de Ayurveda, que estean interesadas en participar en programas de formación permanente para dar a coñecer a cultura Ayurvédica entre a poboación adulta, e analizar os efectos beneficiosos desta filosofía nas sociedades da nosa contorna cultural.

Leboso-Forcarei, 1 de decembro de 2011
(www.fundaciongaliciaverde.org)